

CRITERIOS DE CORRECCIÓN – CÓDIGO 65. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

1. Comprensión de lectura (2,5 valores)

Esta alínea ten como obxectivo avaliar a comprensión global e promenorizada dun texto en lingua portuguesa.

1.1. Título e síntese (0,5 valores)

1. Valorarase a capacidade do/a estudante para comprender o texto e sintetizalo nunha **síntese clara e fiel, dunha extensión aproximada de 40 palabras**.
2. Pedirase tamén un **título de non máis de 10 palabras**, que reflicta o **tema xeral ou un aspecto relevante** do texto.
 1. Síntese adecuada e clara: **0,3 valores**
 2. Título pertinente e ben formulado: **0,2 valores**

1.2. Léxico (0,5 valores)

O/a estudante debe demostrar o coñecemento do significado de **5 palabras ou expresións** do texto mediante diferentes estratexias (localización de sinónimos, antónimos, explicación detallada, entre outras).

No caso de que se pida unha explicación detallada, non se aceptarán unicamente sinónimos.

Explicación precisa e contextualizada: **0,10 valores cada unha**

Explicación aproximada mais aceptábel: **0,05 valores**

Explicación errónea ou ausente: **0 valores**

1.b. Preguntas sobre o texto (1,5 valores)

1. As preguntas poden ser **relacionais**, de **verdadeiro/falso con xustificación, resposta aberta breve, ou outro formato que avalíe comprensión textual**.
2. Avaliarase:
 1. A **fidelidade ó contido do texto**,
 2. A **capacidade de inferencia**,
 3. A **claridade na expresión**.

Valoración orientativa:

1. Cada resposta completamente correcta e xustificada: **0,25 valores**
2. Resposta parcialmente correcta ou con xustificación incompleta: **0,15 valores**
3. Resposta incorrecta ou sen xustificación: **0 valores**

2. Producción escrita (150 palabras aprox.) – 2,5 valores

Esta pregunta busca avaliar a capacidade de expresión escrita, organización do discurso, coherencia, cohesión, corrección lingüística e riqueza léxica; e, no caso, coñecemento da materia obxecto da pregunta.

Criterios de corrección:

1. Outorgaranse **até 2,5 valores** cando o escrito:
 1. Exprese opinións con claridade,
 2. Presente teses e argumentos de forma ordenada,

3. Teña unha **organización textual adecuada** (introdución, desenvolvemento, conclusión),
4. Presente **fluidez expresiva**, corrección gramatical e léxica,
5. Manteña a **extensión recomendada** ($\pm 10\%$).

Escala de valores:

1. **2 – 2,5 valores:** desenvolvemento claro, ordenado e fluído/coñecemento da materia con exemplificación de casos
2. **1,5 – 2 valores:** expresión clara mais con repeticións ou estrutura ríxida/coñecemento da materia con exemplificación de casos
3. **1 – 1,5 valores:** varios problemas de claridade, organización deficiente/coñecemento da materia con exemplificación de casos
4. **0,5 – 1 punto:** escasa claridade, ideas confusas e mal enlazadas/coñecemento escaso da materia con exemplificación dun ou dous casos
5. **0 – 0,5 valores:** redacción moi deficiente, sen organización nin coherencia/coñecemento escaso ou nulo da materia con exemplificación ou non dun ou dous casos

3. Producción escrita – Diálogo (80 palabras aprox.) – 2,5 valores

Avaliarase a capacidade de construír un **diálogo coherente e verosímil**, cun mínimo cinco (5) intervencións diferenciadas, sen contar o saúdo inicial e a despedida, adecuado a unha situación comunicativa concreta (formal ou informal).

Criterios de corrección:

1. Valorarase:
 1. A **adecuación ó rexistro comunicativo**,
 2. O uso apropiado de **estratexias discursivas** (marcadores conversacionais),
 3. A **coherencia temática**,
 4. A **corrección lingüística**,
 5. A **extensión recomendada** ($\pm 10\%$).

Escala de valores:

1. **2 – 2,5 valores:** diálogo natural, ben estruturado, con rexistros adecuados e fluidez.
2. **1,5 – 2 valores:** diálogo coherente mais con certa rixidez ou repeticións.
3. **1 – 1,5 valores:** diálogo pouco natural, con erros de rexistro ou cortes abruptos.
4. **0,5 – 1 punto:** diálogo confuso ou con moitos erros.
5. **0 – 0,5 valores:** diálogo inintelixíbel, sen estrutura ou con expresións incoherentes.

4. Reflexión lingüística – 2,5 valores

Esta alínea avalía o dominio de aspectos morfosintácticos e fonéticos do portugués.

4.b. Transformación de frase o enunciado (2,5 valores/1,5 se houber pregunta de fonética)

1. Pediráselle ao/á estudante reescribir un ou máis enunciados respectando o sentido orixinal e aplicando unha mudanza **gramatical concreta** (voz pasiva, estilo indirecto, modo ou tempo verbal, etc.).
2. Outorgaranse:
 1. **A totalidade dos valores** se a transformación é correcta e completa,
 2. **Diminuirase proporcionalmente os valores** por cada erro

4.c. Fonética (1 valor)

1. Pode consistir en:
 1. Recoñecemento de fonemas ou grupos fónicos específicos,
 2. Identificación de homófonos,
 3. Aplicación de regras de acentuación ou nasalización.

Valor:

1. **Resposta correcta: 1 valor**
2. **Diminuirase proporcionalmente os valores** por cada erro

Corrección lingüística xeral (afecta a todo o exame) – até -1,5

Ao longo do exame poderanse deducir **até 1,5 valores** por erros lingüísticos acumulados, sempre que non fosen xa penalizados en valores específicos.

Escala de penalización:

1. **Erros moi graves (-0,2 c/u):** formas inexistentes no sistema do portugués.
2. **Erros graves (-0,1 c/u):** ortografía incorrecta (inclúe acentuación diacrítica).
3. **Erros leves (-0,05 c/u):** variantes non normativas, faltas de acentuación non diacrítica, colocación dubidosa.

Avalíase o dominio dos recursos lingüísticos, a claridade da explicación e a capacidade de aplicar coñecementos gramaticais e fonéticos.

Esquema do exame de Portugués – Segunda Lingua estranxeira

1. Comprensión lectora (2,5 valores)

a) Título e resumo (1 valor)

1. A estudante deberá propor un **título** (máximo 10 palabras) que reflicta o tema xeral ou un aspecto relevante do texto.
2. Tamén debe elaborar un **resumo** do texto, cunha extensión aproximada **de 40 palabras**.

b) Preguntas sobre o texto

Explicación do significado no texto ou colocación de sinónimos de expresións ou palabras (0,5 valores)

Preguntas abertas, ou preguntas que teñen como obxectivo **relacionar as afirmacións que se formulan no exercicio cos parágrafos correspondentes do texto**. (1 valor)

As preguntas teñen como obxectivo avaliar a **comprensión global e promenorizada** do texto.

2. Escrita (2,5 puntos)

1. A estudante deberá escribir un texto de **aproximadamente 150 palabras** sobre un **dos dous temas propostos**.

O texto pode centrarse nun tema libre ou cultural. Poderá incluír unha cuestión de carácter cultural baseada no texto

A capacidade de argumento, a claridade, a cohesión, a corrección lingüística **e a** organización textual **son avaliadas**.

3. Escrita. Diálogo (2,5 puntos)

1. A estudante deberá escribir un **diálogo con tres intervencións**, cun mínimo de **80 palabras** en total.

Avalíase a adecuación ao rexistro, **a** coherencia conversacional, **a** fluidez **e** o uso adecuado da linguaxe.

4. Reflexión lingüística (2,5 puntos)

A estudante deberá **responder a**:

Transformación de frases ou enunciados.

Aplicación de transformacións morfosintácticas (por exemplo, voz pasiva, estilo indirecto, modo verbal). (2.5 valores ou 1.5 se houber pregunta 4.2.)

Pregunta sobre fonética

Preguntas relacionadas co sistema fonético do portugués (acentuación, nasalización, fonemas, etc.).

Avalíase o **dominio dos recursos lingüísticos**, a **claridade da explicación** e a capacidade de **aplicar coñecementos gramaticais e fonéticos**.

Observación final

Ao longo do exame terase en conta a **corrección lingüística xeral** (coherencia, cohesión, ortografía, léxico e gramática), con sancións progresivas por erros moi graves, graves ou menores.